# REUNIÓN DA COMISIÓN 4.ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 22.02.2018 Hora: 10:30

A Comisión 4.ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 22 de febreiro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Proposición non de lei**

1.1 24878 (10/PNC-001945)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre o inicio polo Goberno galego de conversas coa Xunta de Castela e León co fin de establecer un convenio de colaboración para a promoción e uso da lingua galega nas administracións locais do Bierzo, así como para impulsar un proceso de normalización lingüística do galego en todos os ámbitos necesarios
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 255, do 07.02.2018*

**Punto 2. Preguntas orais**

2.1 3949 (10/POC-004161)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as competencias da Xunta de Galicia sobre as pezas do Museo Etnográfico situado nas instalacións do CPI Monte Caxado das Pontes de García Rodríguez, a súa información en relación coa cesión deses fondos a unha entidade privada e as medidas previstas para o cumprimento da normativa vixente en materia de protección do patrimonio cultural de Galicia

2.2 21811 (10/POC-003480)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 7 máis
Sobre os resultados que se agarda que acheguen os centros singulares de investigación e agrupacións estratéxicas tanto á Universidade galega como á sociedade en xeral
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018*

2.3 22893 (10/POC-003772)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre os criterios que vai seguir a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para modificar o número de unidades dos centros públicos de ensino, as súas intencións referidas á consideración dos ámbitos rurais para reverter a perda de servizos educativos e as súas

previsións respecto do desenvolvemento dalgún proceso de desagregación, desdobramento, transformación, integración ou cambio de ensinanzas para o curso 2018/2019
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 246, do 24.01.2018*

2.3 23510 (10/POC-003917)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre os motivos que atrasan a construción dun novo centro educativo en Vilalonga
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018*

2.5 23524 (10/POC-003920)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre o número e a organización dos cursos de preparación do Celga realizados anualmente dende o ano 2009
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018*

2.6 24799 (10/POC-004124)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as razóns da suspensión do proceso de contratación dos servizos de organización dos actos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nas feiras internacionais do libro previstas para o ano 2018, o destino que vai ter a partida orzamentaria consignada para ese fin e a política que defende o Goberno galego en materia de apoio á internacionalización do sector editorial de Galicia, así como a que vai desenvolver nos vindeiros anos respecto do sector do libro e da promoción da lectura
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256, do 08.02.2018*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

Antonio Mouriño Villar
Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE
# **COMISIÓN 4.ª, EDUCACIÓN E CULTURA**

POR ORDE ALFABÉTICA

**Mesa**

Presidente

| | |
|---|---|
| Antonio Mouriño Villar | P |

Vicepresidente

| | |
|---|---|
| Carlos Enrique López Crespo | P |

Secretaria

| | |
|---|---|
| Luca Chao Pérez | EM |

**Vogais**

| | |
|---|---|
| Luis Manuel Álvarez Martínez | S |
| María Ángeles Antón Vilasánchez | P |
| María de la Concepción Burgo López | S |
| María de los Ángeles Cuña Bóveda | EM |
| Teresa Egerique Mosquera | P |
| César Manuel Fernández Gil | P |
| Carlos Gómez Salgado | P |
| Olalla Rodil Fernández | BNG |
| Moisés Rodríguez Pérez | P |

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 22.02.2018 Hora: 10:30**

**Orde do día**

1. Proposición non de lei

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**
**Día: 22.02.2018 Hora: 10:30**
**Orde do día**

1.1 24878(10/PNC-001945)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o inicio polo Goberno galego de conversas coa Xunta de Castela e León co fin de establecer un convenio de colaboración para a promoción e uso da lingua galega nas administracións locais do Bierzo, así como para impulsar un proceso de normalización lingüística do galego en todos os ámbitos necesarios

*Publicación da iniciativa, 255, 07.02.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 13:20
Nº Rexistro: 24878
Data envio: 01/02/2018 13:20:54.190

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Concepción Burgo López** e **Luís Manuel Álvarez Martínez,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

## Exposición de motivos

A lingua galega ten unha importante presencia histórica no Bierzo, proba disto é o crecemento do alumnado de galego que neste curso ascende a máis de 1.100 estudantes.

Pero o certo é que a ensinanza non é suficiente, a lingua galega necesita a posta en marcha dunha estratexia de promoción e de impulso do seu uso, tanto entre a poboación como nas administracións e medios de comunicación, para á que se necesita a colaboración dos gobernos de Castela León e de Galicia, e tamén dos entes locais do Bierzo.

Neste senso, o colectivo cultural Fala Ceibe do Bierzo acaba de propor a firma dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Junta de Castela e León e o Consejo Comarcal do Bierzo para promocionar o uso do galego nos entes locais bercianos que non teñen os medios suficientes para facelo por se sós.

Esta unión de esforzos e de colaboración entre institucións faría posible crear un servizo lingüístico interadministrativo para facer labores de promoción do galego ca elaboración dos materiais lingüísticos necesarios para introducir a lingua galega no traballo habitual, así como organizar e coordinar cursos de galego para o persoal administrativo, realizar páxinas web institucionais en lingua galega, recuperar a toponimia tradicional en galego ou coordinar a promoción turística no Bierzo en galego, entre outras accións posibles.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 13:20
Nº Rexistro: 24878
Data envio: 01/02/2018 13:20:54.190



O colectivo cultural Fala Ceibe tamén cre necesario a recompilación do dereito do Bierzo occidental, recompilación que debería facerse en galego.

En definitivo, que as institucións colaboren para levar adiante un proceso de normalización lingüística.

Consideramos que esta é unha proposta moi interesante por canto Galicia debe impulsar a lingua galega alí onde se fale, e ademais a colaboración entre a Xunta de Galicia e a Junta de Castela e León non é unha novidade porque xa firmaron un protocolo de colaboración para a promoción da ensinanza do galego que leva funcionando moitos anos. Por outra parte, a Lei de Normalización Lingüística impón a obriga ao goberno galego de protexer, e polo tanto tamén de impulsar, a lingua galega falada nos territorios limítrofes coa Comunidade.

Ademais de todo o exposto, o secretario xeral de Política Lingüística manifestou hai uns meses publicamente a súa vontade, e a do goberno galego, de traballar para impulsar a normalización do galego no Bierzo, e a necesidade de que sexa unha lingua de uso máis alá do ámbito educativo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar conversas co goberno da Junta de Castela e León para establecer un convenio co fin de traballar conxuntamente na promoción e uso da lingua galega nas administracións locais do Bierzo, así como para impulsar un proceso de normalización lingüística do galego en todos os ámbitos necesarios.

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2018

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 13:20
Nº Rexistro: 24878
Data envio: 01/02/2018 13:20:54.190

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 01/02/2018 12:37:50**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/02/2018 12:37:43**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 01/02/2018 12:38:02**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 22.02.2018 Hora: 10:30**

**Orde do día**

2. Preguntas orais

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**
**Día: 22.02.2018 Hora: 10:30**
**Orde do día**

2.1 3949(10/POC-004161)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as competencias da Xunta de Galicia sobre as pezas do Museo Etnográfico situado nas instalacións do CPI Monte Caxado das Pontes de García Rodríguez, a súa información en relación coa cesión deses fondos a unha entidade privada e as medidas previstas para o cumprimento da normativa vixente en materia de protección do patrimonio cultural de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 16:30
Nº Rexistro: 3949
Data envio: 23/01/2017 16:30:58.599

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Segundo a información subministrada na web do Centro, no curso académico 1985-1986, no comezo do desenvolvemento industrial da Vila e coa perda de importancia –até case a súa desaparición- dos traballos artesanais, agrícolas e gandeiros, a partires da proposta dun dos seus mestres, o hoxe C.P.I. Monte Caxado das Pontes acorda a posta en marcha dun proxecto pedagóxico consistente na creación dun Museo Etnográfico.

O coñecemento e identificación polo alumnado dos útiles, apeiros, ferramentas dos oficios, da labranza, da casa, empregados polos devanceiros, a ampliación do vocabulario, a valoración da súa riqueza artesanal -feitos pola mesma persoa que os precisaba-, un maior contacto coa realidade do agro, a posta en valor da riqueza cultural galega en tódalas súas manifestacións, e conseguir que o Museo fose o lugar de consulta para traballos ou estudos de carácter etnográfico, foron os obxectivos iniciais do proxecto.

Tal e como recolle a web do Centro, para a adquisición das pezas comezouse polo envío de cartas ás nais e país do alumnado, solicitando a súa colaboración para as doazóns, cunha resposta inmediata e importante, "*... e comezan a chegar as pezas ó Centro*".

Segundo o documento "*Informe Técnico de Valoración Económica e Taxación da Colección Museística do CPI Monte Caxado-2014*", elaborado pola empresa *Cultureume Xestión Integral do Patrimonio Cultural entre o 21 de maio e o 31 de outubro*, financiado polo Concello das Pontes, o número de obxectos era de 4.161, valorados en 121.148,87 €, ca seguinte desagregación:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 16:30
Nº Rexistro: 3949
Data envio: 23/01/2017 16:30:58.599

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

| ÍTEM | OBXECTOS | VALORACIÓN (€) |
|---|---|---|
| Fondo Etnográfico (Exposición) | 2.013 | 79.242,00 |
| Fondo Etnográfico (Taller) | 99 | 5.238,00 |
| Fondo Documental | 1.709 | 36.000,75 |
| Fondo Numismático | 340 | 668,12 |

No meritado informe inclúese, como documento de titularidade da colección, unha certificación do Centro na que se reflicte un acordo do Claustro celebrado o 26 de maio de 2014, por unanimidade, de cesión das pezas ao mestre responsábel do Museo, data na que tamén o acorda o Consello Escolar, con 8 votos a favor, 3 abstencións, e 1 en contra.

O 21 de decembro de 2016 o mestre cesionario cede as pezas á Fundación Museo Etnográfico Monte Caxado, constituída o 30 de abril de 2015, presidida polo mestre, clasificada de interese cultural e adscrita ao protectorado da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola Orde do 21 de setembro de 2015 da Vicepresidencia e Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG Núm. 192 do 7 de outubro de 2015), e declarada de interese galego e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola Resolución do 23 de outubro de 2015 da Secretaría Xeral Técnica da meritada Consellaría (DOG Núm. 213 do 9 de novembro de 2015).

Por ditos motivos, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 16:30
Nº Rexistro: 3949
Data envio: 23/01/2017 16:30:58.599

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*- Cales son as competencias da Xunta sobre das 4.161 pezas do Museo Etnográfico sito nas instalacións do CPI Monte Caxado dende o curso 1985-1986 até a actualidade?.*

*- Ten constancia a Xunta da cesión das pezas valoradas en máis de 121.000* € a unha entidade privada?.

*- Considera a Xunta cumpridas as súas responsabilidades, legalmente estabelecidas, sobre da protección do patrimonio público?.*

*- Cal ou cales son as medidas que contempla a Xunta para dar cumprimento ás súas responsabilidades na materia enunciada?; en que prazo?.*

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
**Noa Presas Bergantiños**
**Ana Belén Pontón Mondelo**
**Olalla Rodil Fernández**
**Montserrat Prado Cores**
**Luis Bará Torres**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2017 16:29:53**

**Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2017 16:29:59**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 16:30
Nº Rexistro: 3949
Data envio: 23/01/2017 16:30:58.599

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2017 16:30:04**

**Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2017 16:30:05**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2017 16:30:09**

**Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2017 16:30:13**

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**
**Día: 22.02.2018 Hora: 10:30**
**Orde do día**

2.2 21811(10/POC-003480)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 7 máis

Sobre os resultados que se agarda que acheguen os centros singulares de investigación e agrupacións estratéxicas tanto á Universidade galega como á sociedade en xeral

*Publicación da iniciativa, 237, 11.01.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2017 12:13
Nº Rexistro: 21811
Data envio: 27/12/2017 12:13:02.413

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

**César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Moisés Rodríguez Pérez, Carlos Gómez Salgado, Carlos E. López Crespo, Martín Fernández Prado** e **Antonio Mouriño Villar,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

O Goberno galego convocou, por medio da orde de 11 de agosto de 2016, as axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación singulares e agrupacións estratéxicas consolidadas do SUG, cofinanciadas polo Feder, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, para o exercicio 2016.

Esta actuación permite financiar a investigación de excelencia nas estruturas de investigación supragrupais do SUG (centros singulares de investigación e agrupacións estratéxicas) reforzando a súa capacidade de investigación e posicionamento internacional. Na Estratexia de especialización intelixente (RIS 3) deseñada para Galicia proponse a concentración dos recursos de coñecemento dispoñibles no contexto rexional para poder competir nun contexto global.

Con respecto a isto, os diferentes plans de investigación da Xunta de Galicia, así como os seus instrumentos financeiros, veñen recoñecendo a importancia dunha investigación interdisciplinar de excelencia e de alto impacto, que xorde como consecuencia da agregación das capacidades de diferentes grupos de investigación e do fomento da investigación cooperativa entre eles, en ámbitos e estruturas organizativas ben definidas co obxecto de asumir novos retos e aumentar a capacidade competitiva.

A finalidade desta convocatoria é dobre: por unha banda realiza unha avaliación que permite recoñecer a capacidade tractora das unidades de investigación e, por outra, outorga axudas para o desenvolvemento dun programa de investigación co obxectivo de fortalecer as súas capacidades e liderado.

As axudas concédense en función dunha serie de criterios que, de forma obxectiva, valoran a calidade científico-técnica, capacidade e características destas unidades e dos seus proxectos estratéxicos de investigación en consonancia cos retos estratéxicos contidos na RIS3 Galicia, e tamén co esquema de Unión Europea reflectido no

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2017 12:13
Nº Rexistro: 21811
Data envio: 27/12/2017 12:13:02.413

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Programa marco de investigación, desenvolvemento e innovación horizonte 2020, co fin de procurar, nun prazo medio e longo, a obtención de retornos sociais.

Por medio de resolución do 24 de novembro de 2016, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ven de conceder, ao abeiro desta orde de 11 de agosto de 2016, as axudas ás universidades do SUG para a acreditación, estruturación e mellora de centros singulares de investigación de Galicia e agrupacións estratéxicas consolidadas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Qué resultados se agarda que acheguen os centros singulares de investigación e agrupacións estratéxicas tanto á universidade galega coma á sociedade en xeral?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**César Manuel Fernández Gil na data 27/12/2017 10:13:51**

**Maria Antón Vilasánchez na data 27/12/2017 10:13:55**

**Teresa Egerique Mosquera na data 27/12/2017 10:14:02**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 27/12/2017 10:14:14**

**Carlos Gómez Salgado na data 27/12/2017 10:14:24**

**Carlos Enrique López Crespo na data 27/12/2017 10:14:34**

**Martín Fernández Prado na data 27/12/2017 10:14:50**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2017 12:13
**Nº Rexistro: 21811**
Data envio: 27/12/2017 12:13:02.413

**Antonio Mouriño Villar na data 27/12/2017 10:15:03**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**
**Día: 22.02.2018 Hora: 10:30**
**Orde do día**

2.3 22893(10/POC-003772)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre os criterios que vai seguir a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para modificar o número de unidades dos centros públicos de ensino, as súas intencións referidas á consideración dos ámbitos rurais para reverter a perda de servizos educativos e as súas previsións respecto do desenvolvemento dalgún proceso de desagregación, desdobramento, transformación, integración ou cambio de ensinanzas para o curso 2018/2019

*Publicación da iniciativa, 246, 24.01.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2018 10:45
Nº Rexistro: 22893
Data envio: 12/01/2018 10:45:06.686

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario do Partido Popular rexistrou, o 27 de decembro de 2017, unha pregunta para resposta oral na comisión 4ª na que se afirma o seguinte:

"Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén de rematar a revisión da matricula dos centros escolares públicos nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial para o vindeiro curso 2017/18.

Tamén cada ano, atendendo aos datos oficiais de matrícula, lévase a cabo un proceso de reorganización de unidades dentro dos propios centros educativos que leva consigo, ben a creación de novas unidades, ben a supresión doutras e o reagrupamento en función do incremento ou diminución de alumnado."

Sendo correcto o que afirma o mencionado grupo parlamentario, non pregunta en ningún momento nin fai ningunha referencia a que ese mesmo proceso aporta información que serve, cada curso, para modificar o número de unidades dos centros públicos o que afecta directamente tamén ao número de postos docentes nos centros.

A modo de exemplo, e por citar só algunhas das ordes que desenvolven ese axuste, podemos citar (sen incluír as correccións de erros no seu caso) as seguintes correspondentes aos últimos anos:

1. Orde do 6 de xullo de 2017 pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellería nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial.

2. Orde do 29 de xuño de 2016 pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2018 10:45
Nº Rexistro: 22893
Data envio: 12/01/2018 10:45:06.686



consellería nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial.

3. Orde do 6 de xullo de 2015 pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellería nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial.

4. Orde do 7 de xullo de 2014 pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellería nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial.

5. Orde do 30 de xullo de 2013 pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellería nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial.

Resulta, polo tanto, evidente que o estudio das modificacións levarase a cabo proximamente, sendo esperable se se repiten os feitos que tiveron lugar ao remate do pasado curso, que nos atopemos con importantes modificacións que serán anunciadas á comunidade escolar nos últimos días do curso actual.

Parece oportuno corrixir este tipo de actuacións, polo que o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que criterios vai a empregar a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para introducir as modificacións que estime necesarias no número de unidades dos centros públicos?

2ª) Vai ter en conta as características dos contornos rurais para reverter a perda de servizos educativos?

3ª) Ten previsión a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de levar a cabo algún proceso de desagregación, desdobramento, transformación, integración ou cambio de ensinanzas con respecto á actual configuración, cara ao curso 2018/2019?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2018 10:45
Nº Rexistro: 22893
Data envio: 12/01/2018 10:45:06.686

Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2018 10:41:56**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 12/01/2018 10:42:05**

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**
**Día: 22.02.2018 Hora: 10:30**
**Orde do día**

2.3 23510(10/POC-003917)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre os motivos que atrasan a construción dun novo centro educativo en Vilalonga

*Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2018 17:55
Nº Rexistro: 23510
Data envio: 17/01/2018 17:55:26.482

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA,** para a súa resposta oral na Comisión 4.ª, relativa á construción dun novo CEIP en Vilalonga, Sanxenxo.

A necesidade dun novo centro escolar en Vilalonga non é unha novidade, senón unha demanda unha e outra vez expresada pola cidadanía e por toda a comunidade educativa. Xa en 2015 relataban, dende o propio CEIP O Cruceiro, a necesidade imperiosa de construír un novo centro educativo. Falamos, de feito dunha promesa incumprida polo Partido Popular dende hai case 10 anos. Porén os anos foron pasando e os cursos sucedéndose sen que chegara o novo centro escolar e co alumnado ateigando unhas instalacións envellecidas e cada vez máis deterioradas.
Neste tempo a veciñanza de Vilalonga viu como se melloraron outros centros na comarca e no municipio, mentres que as súas necesidades eran ignoradas. O proxecto de orzamentos de 2018 recupera unha partida para a escola, pero unha partida claramente insuficiente: 300.000 euros.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Cales son os motivos para non construír a escola canto antes?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez
Ánxeles Cuña Bóveda
Deputadas do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2018 17:55
Nº Rexistro: 23510
Data envio: 17/01/2018 17:55:26.482

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 17/01/2018 17:25:53**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 17/01/2018 17:26:04**

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**
**Día: 22.02.2018 Hora: 10:30**
**Orde do día**

2.5 23524(10/POC-003920)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre o número e a organización dos cursos de preparación do Celga realizados anualmente dende o ano 2009

*Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2018 18:27
Nº Rexistro: 23524
Data envio: 17/01/2018 18:27:29.973

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 4.ª, relativa ás probas do CELGA.

O pasado 4 de abril a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria fixo pública a resolución do 24 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se convocan as probas para a obtención dos certificados de lingua galega, niveis Celga 1, 2, 3 e 4, no ano 2017. Resolución que fixou as datas de celebración das probas para este mes de xuño, e os lugares de convocatoria, reducidos soamente a dous: Santiago de Compostela e Ponferrada. Unha recentralización que dificulta moito que as persoas podan realizar unhas probas necesarias tanto para convocatorias públicas de emprego como para cursos do INEM e que tamén se deixou sentir nos propios cursos de preparación. Deste xeito, no presente ano, e por mor da ausencia de planificación da Xunta de Galicia, cursos do CELGA foron suspendidos en Monforte, Sarria, Carballiño, Verín e Xinzo de Limia, deixándoa moitos e moitas interesadas sen a posibilidade de seguir este curso cerca das súas localidades. De feito, a demanda é tan alta que xa podemos atopar academias privadas que ofertan este tipo de formación que vén a ocupar o baleiro de funcións por parte da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Sen embargo, mentres tanto, o profesorado dependente da Dirección Xeral de Política Lingüística vive nunha enorme precariedade con contratos de media xornada duns tres meses de duración, e coa aplicación duns restritivos criterios de incompatibilidade que acaban dificultando a provisión das prazas. É sinalable que tras recoñecérselle xudicialmente a súa condición de persoal laboral indefinido non fixo descontinuo, un grupo de 62 ex-traballadores colaboradores pasou a formar parte do cadro de persoal da Consellería e dende

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2018 18:27
Nº Rexistro: 23524
Data envio: 17/01/2018 18:27:29.973



ese momento reduciuse considerablemente a oferta de cursos.

Á escaseza de oferta formativa hai que sumar, tamén, a escaseza de convocatorias. A falta dunha convocatoria dobre ou a posibilidade de exames de recuperación fai que as persoas candidatas só teñan unha posibilidade ao ano de acceder ao certificado CELGA, o que supón un período de ano demasiado largo para un certificado tan necesario.

Pero non só debemos preocuparnos de ter poucas probas, senón, sobre todo, da falta de garantías das mesmas que xeran incerteza e inseguridade entre os participantes. Falta de garantías porque as persoas examinadas non saben, a tal punto, que persoas están detrás das súas cualificacións toda vez que as segundas e terceiras revisións, así como as reclamacións, en lugar de ser feitas polo persoas do que dispón a Secretaría Xeral con formación específica, son, supostamente, realizadas por unha comisión avaliadora da que non hai información ningunha, alén do establecido no artigo 5 da orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga).

Artigo 5.- Comisión Central de Avaliación.

1. A Secretaría Xeral de Política Lingüística nomeará unha Comisión Central de Avaliación que se responsabilizará das seguintes funcións:

a) Programación das probas e proposta de convocatoria á Secretaría Xeral de Política Lingüística.

b) Elaboración dos exames.

c) Avaliación daquelas probas que lle corresponda.

d) Elaboración de actas do resultado das avaliacións.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2018 18:27
Nº Rexistro: 23524
Data envio: 17/01/2018 18:27:29.973



2. A Comisión Central de Avaliación das probas estará composta polos seguintes membros, nomeados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística entre expertos na avaliación do coñecemento da lingua galega:

a) Presidente/a.

b) Secretario/a.

c) Cinco vogais.

3. O nomeamento dos membros da Comisión Central de Avaliación terá unha vixencia anual.

Sen embargo, nada se sabe sobre os criterios de nomeamento, en moitas ocasións tampouco sobre as persoas que a compoñen, cales son os criterios de corrección ou cal é a remuneración asignada por formar parte desa comisión.

**Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta** as seguintes preguntas:

1. Cantos cursos de preparación do CELGA se realizaron anualmente dende 2009?
2. En que lugares?
3. Por que os lugares de convocatoria de probas en Galicia se reduciron a Santiago de Compostela?
4. Por que din que anularon cursos por falta de profesorado, cando saben perfectamente que iso foi debido á mala planificación desta formación por parte da SXPL?
5. Cales son os criterios para a designación da comisión avaliadora?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2018 18:27
Nº Rexistro: 23524
Data envio: 17/01/2018 18:27:29.973

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

6. Como é posible que as persoas encargadas da avaliación non sexa filólogas?

7. Cal é a remuneración que perciben as persoas que conforman dita comisión?

8. Que motivos xustifican que as probas sexan elaboradas e avaliadas por persoas que non teñen vínculo ningún nin cos departamentos de galego das universidades, nin coa Real Academia Galega nin con, en fin, ningunha das entidades centradas na defensa da nosa lingua?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 17/01/2018 18:10:13**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 17/01/2018 18:10:21**

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**
**Día: 22.02.2018 Hora: 10:30**
**Orde do día**

2.6 24799(10/POC-004124)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns da suspensión do proceso de contratación dos servizos de organización dos actos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nas feiras internacionais do libro previstas para o ano 2018, o destino que vai ter a partida orzamentaria consignada para ese fin e a política que defende o Goberno galego en materia de apoio á internacionalización do sector editorial de Galicia, así como a que vai desenvolver nos vindeiros anos respecto do sector do libro e da promoción da lectura

*Publicación da iniciativa, 256, 08.02.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 11:18
Nº Rexistro: 24799
Data envio: 01/02/2018 11:18:36.683

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a resposta oral en Comisión**, sobre a cancelación do contrato para a organización dos actos nas Feiras do libro internacionais para 2018.

Con data do 28 de setembro de 2017 a Xunta de Galiza autorizou o inicio do proceso de licitación do contrato de servizos de organización dos actos a desenvolver pola Consellaría de Cultura, Educación e O.U. nas feitas do libro internacionais de 2018. No concreto 5 lotes que se corresponden coas feitas de Bologna, Barcelona, Frankfurt, Guadalajara (Mexico) e Bos Aires. O proceso contaba cun orzamento de licitación de 157.024,80 euros, IVE excluído.

Os pregos coas cláusulas administrativas e prescricións técnicas foron aprobados polo órgano de contratación correspondente o 31 de outubro de 2017 e a publicación do procedemento tivo lugar no DOG núm. 212, do 8 de novembro de 2017 rematando o prazo de presentación das ofertas o 23.11.2017.

Porén, en decembro a Secretaría Xeral de Cultura dirixiu un escrito ao órgano de contratación para solicitar a suspensión do expediente de contratación de catro dos cinco lotes. En concreto, todos agás o de Bos Aires (Arxentina).

Na súa argumentación a Secretaría Xeral de Cultura responsabiliza da decisión ao “crecente desinterese dos axentes implicados na participación destas feiras,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 11:18
Nº Rexistro: 24799
Data envio: 01/02/2018 11:18:36.683

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fundamentalmente do sector editorial" cuestión que afirman ter "corroborado en recentes reunións mantidas entre a Administración autonómica e representantes do mundo editorial (principalmente coa Asociación Galega de Editoras) […] que fai que o forte investimento que realiza a Administración autonómica para conseguir os obxectivos marcados pola Administración carezan de sentido".

Cómpre lembrar que a AGE abrangue o 90% da produción editorial galega e que a Xunta de Galiza ten, de acordo coa Lei do libro e da lectura de Galiza, aprobada en 2006, a obriga de "fomentar a asistencia das empresas galegas do sector do libro e dos creadores e creadoras a feiras ou exposicións que se desenvolvan fóra do seu ámbito territorial, incluídos os certames internacionais" así como de "realizar unha política de apoio para a apertura de novos mercados do libro galego" (artigo 18).

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Cales foron as razóns que xustifican a suspensión do expediente de contratación para os actos de organización de catro das cinco Feiras do libro internacionais que terán lugar en 2018?

- Por que responsabiliza a Xunta de Galiza aos axentes do sector e fundamentalmente á AGE da devandita suspensión?

- Cre que os criterios empregados pola Consellaría de Cultura, Educación e O.U. nos últimos anos son os mellores para garantir o aproveitamento destas Feiras do libro internacional por parte dos axentes do sector?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 11:18
Nº Rexistro: 24799
Data envio: 01/02/2018 11:18:36.683

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A que destinará o Goberno galego a partida orzamentaria encamiñada ás Feiras do libro internacionais para 2018?

- A Xunta de Galiza defende mudar o modelo de apoio á internacionalización do sector editorial galego, cal é a política que defende neste senso?

- Cales son as previsións do Goberno galego a respecto do sector do libro e a promoción da lectura e as políticas que prevé desenvolver nos vindeiros anos?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 01/02/2018 11:12:56**

**María Montserrat Prado Cores na data 01/02/2018 11:13:00**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 11:18
Nº Rexistro: 24799
Data envio: 01/02/2018 11:18:36.683

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 01/02/2018 11:13:02**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 01/02/2018 11:13:04**

**Noa Presas Bergantiños na data 01/02/2018 11:13:05**

**Xosé Luis Bará Torres na data 01/02/2018 11:13:06**